

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE ABRIL DE 2024

Ás 10:35 horas do día 17 de abril de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 12 de abril de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG
Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
Pablo Varela Ballesteros, economista da Dirección de Ingresos
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 1a, 2a, 3a, 5b, 5c, 6b, 6c, 9b e 10b)
Secundino Otero Failde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste aos puntos 2b e 3b)
José Francisco Mourelle González, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2c e 3c)
Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)
María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste ao punto 11a)

Secretaria: María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Dar conta da resolución de recursos

a) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

Dáse conta da resolución nº 55/2024, do 9 de abril de 2024, do Tribunal Administrativo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se inadmite o recurso interposto polo SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación deste procedemento.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 12 de abril de 2024.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AURORA PILAR Y ANA, S.L. (Lotes 1 e 2)
 2. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (Lotes 1 e 2)
 3. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A. (Lotes 1 e 2)
- b) Outorgar un prazo de tres días a MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. (Lotes 1 e 2) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto deberá presentar:
 - Novo DEUC, asinado dixitalmente polo seu representante, no que indique, na Parte IV ("Criterios de selección"):
 - Ou ben, se cumpre, de maneira xeral, todos os criterios de selección (respondendo afirmativamente á pregunta recollida no apartado "a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección/Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos"),
 - ou, se opta pola opción de usar os criterios de selección de A a D, deberá completar a solvencia técnica e profesional, xa que a aportada non cumpre co establecido na cláusula 9.1.4º do PCAP ("Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato ou do lote, no seu caso, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do orzamento base de licitación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 2 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



do contrato.”)

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ATHISA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.
 2. SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L.
 3. EULEN, S.A.
- b) Outorgar un prazo de tres días a CENTRO CANINO LA ERIA, S.C. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto deberá presentar:
 - O Anexo II do PCAP, asinado dixitalmente polos seus representantes, tal e como establece a cláusula 14.3.A) do PCAP, xa que non figura na documentación aportada.
 - Novo DEUC, asinado dixitalmente por ambos representantes da licitadora xa que o aportado está asinado unicamente por un deles e na Parte II, apartado B ("Información sobre los representantes del operador económico") figuran dos representantes con representación mancomunada.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento a VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. por ter presentado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

- b) Outorgar un prazo de tres días á UTE Telefónica de España S.A.U. (80 %) - Telefónica Móviles España S.A.U. (19 %) - Telefónica IoT & Big Data Tech S.A.U. (1 %) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, xa que comprobada a documentación do sobre A figura como licitadora unha UTE conformada por las seguintes 3 mercantís, TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. e TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH S.A.U.

No entanto, no documento de "Autorizacións do licitador" para o envío de comunicacións electrónicas e consulta de datos figura unha cuarta mercantil denominada TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. que non está incluída na UTE.

A documentación está asinada por Paula Rodríguez Beiran, como representante de TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U., e por Diego Colchero Paetz, como representante de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH S.A.U.

En vista de todo anterior, no caso, de que TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. formara parte da UTE, debería achegar os correspondentes DEUC e Anexo II, sendo necesario emendar, asemade, os DEUC e os Anexos II das outras mercantís para adecualos á configuración da UTE. En caso contrario, a licitadora deberá achegar novo documento de "Autorizacións do licitador" para os membros da UTE.

3. Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

Retírase da orde do día por acordar, a Mesa de Contratación, outorgar prazo de emenda a un dos licitadores presentados.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306)

Retírase da orde do día por acordar, a Mesa de Contratación, outorgar prazo de emenda a un dos licitadores presentados.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 4 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Retírase da orde do día por acordar, a Mesa de Contratación, outorgar prazo de emenda a un dos licitadores presentados.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, entrégase o informe asinado polo arquitecto técnico e a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 11 de abril de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Educación de Adultos, director da EMAO en funcións e a xefa do Servizo de Educación o 12 de abril de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, entrégase o informe asinado polo técnico do Servizo de Educación e a xefa do Servizo de Educación o 12 de abril de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 5 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Redución do tempo de resposta ante incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros		Mellora da periodicidade do mantemento preventivo	
			Inferior a 72 horas, ante incidencias non consideradas graves	Inferior a 12 horas nas incidencias consideradas graves	Limpeza de cubertas, petos, canalóns, arquetas interiores e baixantes	Limpeza de canaletas de recollida de auga exteriores en terrazas e patios
1	CIES OBRA CIVIL, S.L.	* 72.141,84 €	SI	NON	SI	SI
2	CLECE FS, S.A.	66.903,12 €	SI	SI	SI	SI

* No modelo de proposición recolle o importe anual, indicándoo expresamente.

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste como público á apertura:

1. Sergio López Soto, en representación de CLECE FS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)
1	CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L	697.262,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 6 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)
2	EULEN, S.A.	667.099,77 €
3	LIMPERGAL, S.L.	715.800,00 €
4	LIMPIEZAS CIES, S.L.	638.761,81 €
5	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.	641.892,05 €
6	PROINTAL, S.L.	646.953,64 €
7	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	616.202,68 €
8	SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.	679.584,00 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste como público á apertura:

1. Concepción García Diéguez, en representación de SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A.
2. César Lemos López, en representación de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo unitario por alumno/a	Achega de monitores/as de reforzo	Mellora dos requisitos mínimos esixidos para o curso intensivo de perfeccionamento de lingua inglesa		Nº de monitores/as con nivel de competencia lingüística C1 ou C2
				Horas a maiores do curso	Redución da ratio alumno/a - profesor/a	
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	3.235,00 €	8	10	5	40

Non asiste público á apertura.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 16 do PCAP, conséntase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3:

	Licitador	Prezo unitario por alumno/a	Achea de monitores/as de reforzo	Mellora dos requisitos mínimos esixidos para o curso intensivo de perfeccionamento de lingua inglesa		Nº de monitores/as con nivel de competencia lingüística C1 ou C2
				Horas a maiores do curso	Redución da ratio alumno/a - profesor/a	
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	35,00	8,00	2,00	2,00	4,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (49,00 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	49,00	51,00	100,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	100,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

8. Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 5 de abril de 2024, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACEUVE, S.L.U. que, durante o prazo concedido, non presenta documentación ningunha.

En data 11 de abril de 2024, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural emite informe ao respecto dando traslado á Mesa de contratación aos efectos oportunos.

Tendo en conta o anterior, a Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o anterior informe e acorda excluír deste procedemento a ACEUVE, S.L.U., por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais non xustificadas.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 11 de abril de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliábel mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 12 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 9 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



abril de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)
1	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	18,786.87 €
2	CLECEFS, S.A.	23,015.52 €
3	INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.	23,277.08 €
4	INSTALACIONES CLIMA, S.L.	24,720.00 €
5	MONCOBRA, S.A.	26,836.86 €

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva, e no seu caso, complementaria, cando así se esixa no apartado 9 das FEC.
- Nomeamento do/a delegado/a do contrato, acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas e declaración de non estar incurso en prohibición de contratar, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC, agás cando posúa a clasificación indicada neste apartado.

Asemade, deberá presentar declaración de vixencia dos datos do Rexistro de Licitadores e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 10 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Empresas Clasificadas do Sector Público.”

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L – INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.	100.00
2	U.T.E. INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, S.L. – AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U.	85.88
3	ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.	73.44
4	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.	38.96

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L – INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que na sesión de data 11 de abril de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, concedeuse un prazo de 3 días a NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. para que puidera emendar a documentación presentada. En concreto debía emendar a acreditación dos medios persoais e os anexos IV e V do PCAP.

Dentro do prazo concedido a licitadora presentou a documentación requirida.

Tendo en conta o anterior, consta presentada, no expediente, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 12 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



"Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) con perspectiva de xénero; avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente electrónico nº 43.010/220).

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación en data 16/10/2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos P.D. (delegación do 30.10.23) en data 13/11/2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe de 64.994,78 euros, correspondendo un importe de 53.714,69 euros ao prezo do contrato e un importe de 11.280,09 euros ao IVE (aplicado o tipo impositivo do 21,00 %) segundo o contemplado na memoria económica.

O gasto imputarase o 70% ao orzamento do ano 2024, por unha contía de 45.496,35 euros, e o 30% ao Orzamento do ano 2025, por unha contía de 19.498,43 euros.

En cumprimento do previsto no artigo 174 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, a autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarse ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos. De non preverse o gasto comprometido no exercicio orzamentario, deberá producirse un axuste de anualidades.

O expediente, ao amparo do previsto no artigo 117 da LCSP, Lei 9/2017, tramítase como anticipado de gasto.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 21 de marzo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 21 de marzo de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L.	82,00 puntos
2	GRUPO GALEJOBS, S.L.U.	21,55 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 13 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., o día 22 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 11 de abril de 2024 acorda conceder un prazo de tres días a NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. para que puidera emendar a acreditacións dos medios persoais e os anexos IV e V.

Durante o prazo concedido, a licitadora presenta a documentación requirida o 15 de abril de 2024.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- A escritura de constitución da licitadora, o NIF e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (22.748,17 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (22.748,17 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Xustificante de ingreso por un importe de 1.632,75 € que cubre a garantía



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 14 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 17 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 22 de xaneiro de 2024 e 20 de marzo de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220) coas seguintes condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 15 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- a) O prezo total do contrato é de 39.512,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.857,55 euros.
- b) Estudos específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato nos últimos 5 anos, a maiores do establecidos na solvencia relativa aos medios persoais (5):
- Responsable do proxecto: 15 (nº) estudos específicos de APT e VPT.
 - Técnico: 15 (nº) estudos específicos de APT e VPT.
- c) Estudos específicos de APT e VPT realizados polo responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato en colectivos de máis de 100 persoas:
- Responsable do proxecto: 8 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas.
 - Técnico: 8 (nº) estudos específicos de APT e VPT en colectivos de máis de 100 persoas.
- d) Maior experiencia do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato con respecto ao mínimo esixido como solvencia técnica (5 anos):
- Responsable do proxecto: 30 (nº) de anos de experiencia.
- e) Formación universitaria e non universitaria de especialización en recursos humanos, a maiores da esixida nos medios persoais, do responsable do proxecto e o/a técnico/a que se adscriban á execución do contrato:
- Formación non universitaria especializada de ata 50 h:
 - Técnico: posúe formación non universitaria especializada de ata 50h.
 - Formación non universitaria especializada superior a 100h:
 - Técnico: posúe formación non universitaria especializada superior a 100h.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:37	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA95F-A6E1CA-E5C254-NBD7SZ-48UA93-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		